



COSTA DE ONS

Adela Leiro, Mon Daporta
xaneiro 2019



Distancia: 12,5 km (circular)
Dificultade: media

O arquipélago de ons é un grupo de illas formado por Ons, Onza e illotes próximos (O Centolo, As Freitasas, O Fedorento, O Cairo, O Gaiteiro e o Xubenco), situadas fronte á Ría de Pontevedra. Ocupa unha superficie dunhas 470 ha.

A illa de Ons é unha chaira elevada con abruptos cantís na parte que da ao mar aberto e areas na cara protexida. Está formada por granitos de dúas micas. A súa cota máis alta é o Alto de Ons, con 128 m, onde está o faro.

A comezos do século XX instaláronse fábricas de salga e chegou a ter 500 habitantes. En 1986 non chegaban a vinte e na actualidade so viven unhas poucas persoas de xeito estable. É propiedade da Xunta de Galiza desde 1981 e pertence ao concello de Bueu.

Figuras de protección:

- Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galiza
- ZEPA "Espazo mariño das Rías Baixas"

- LIC/ZEC "Complejo Ons-O Grove".

- Está incluída no inventario de ÁREAS IMPORTANTES PARA A HERPETOFAUNA ESPAÑOLA (Dirección Xeral de Conservación da Natureza, 2004).

- OSPAR (Convenio para a protección do medio ambiente mariño do Atlántico do nordés "Illas Atlánticas de Galiza"

-PUNTOS DE INTERESE XEOLÓXICO

"Buraco do Inferno", "Praia colgada, coluvións e derrubios de Canexol", "Plataforma de erosión mariña fósil de Figueira Brava" e "Plataforma de erosión mariña do peirao de Ons".

Para visitala é preciso un permiso do Organismo Rector do Parque e o número está limitado. Hai transporte público regular durante a Semana Santa, os fins de semana de maio e no verán, desde os portos de Bueu, Sanxenxo e Portonovo. Fora destas datas so se poden facer visitas organizadas con fins didácticos e con guías.



- 1-Porto
- 2-Praia das Dornas
- 3-Punta do Castelo
- 4-Punta do Río
- 5-Praia de Melide
- 6-Punta do Galiñeiro.
Cova do Lobo.
- 7-Punta e illote Centolo
- 8-Cova da Vella
- 9-Punta Pasante/O Xuvenco
- 10-Punta Fonte Nova
- 11-Illote Xuvenco
- 12-Enseada Bastián de Val
- 13-Punta Estripeiral
- 14-Praia das Fontiñas
- 15-Cons e praia de Liñeiro
- 16-Punta Sobreira
- 17-Punta das Xestas.
Enseada de Caniveliñas.
- 18-O Morro
- 19-As Freitasas
- 20-Punta Baixeral.
Cova do Inferno
- 21-Punta Rabo da Égoa
- 22-Punta e enseada de Fedorento
- ILLA DE ONZA
- 23-Punta Dente de Can
- 24-Praia das Moscas
- 25-Punta Cociñadoiro
- 26-Puntal da Porta
- 27-Punta Coliño
- 28-Praia do Pereiró
- 29-Punta da Malaxa
- 30-Praia de Canexol
- 31-Punta da Figueira Brava.
Laxe do Crego.



PERCORRIDO

Propoñemos unha camiñada pola illa de Ons para unha xornada, un circuito circular que integra partes dos catro roteiros oficiais e que nos permite coñecer os puntos mais destacados da costa e da illa. Nalgúns puntos pódese ampliar com carreiros que se achegan mais á costa, agás nas zonas onde está limitado o acceso (especialmente no norte da illa).

Partimos do **porto** e collemos en dirección norte pasando pola **praia das Dornas** e chegamos á **punta do Castelo**, onde se conservan uns restos dunha fortificación (**castelo de Rodas**) construída en 1810 para defender a illa. Volvemos ao camiño e seguimos ata a **praia de Melide**, cun un bo sistema dunar. Continuamos o roteiro e cambiamos de dirección cara ao oeste e pasamos á altura da **punta e illote Xuvenco**, para volver a cambiar e camiñar cara ao sur pasando preto da **enseada Bastián de Val** e da **punta Estripeiral** (aquí hai un pequeno desvío para ir cara ao cantil, ou tamén podemos achegarnos ao **Alto de Ons** onde se atopa o **faro**). Continuamos polo camiño e pasamos polas **puntas Sobreira** e das **Xestas**, a **enseada de Caniveliñas**, **O Morro**, **As Freitasas** e a **punta Baixeral**, ata chegar á **Cova ou Burato do Inferno**, onde podemos facer unha parada, para ver a cova e os cantís da **punta Rabo da Égoa**. A seguinte parada é no **miradoiro do Fedorento** onde temos panorámicas da costa de Ons, da **illa de Onza**, do **Morrazo** e das illas **Cíes**. Neste punto comezamos a volta ao punto de partida pasando pola **punta da Malaxa**, a **Praia de Canexol**, a **punta da Figueira Brava**, a **Area dos Cans** e a **punta da Canteira**, onde estamos de novo no **porto**.



Ons desde o Monte da Siradella (O Grove).



1-Porto



2-Praia das Dornas



5-Praia de Melide, o mellor areal de Ons cun complexo dunar ben conservado.




7-Punta e illote Centolo



Vista aérea da cara sur de Ons: punta do Galiñeiro, Cova do Lobo, punta do Centolo, enseada da Pociña, punta Pasante ou Xuvenco, enseada Bastián de Val e punta Estripeiral.



11-Illote Xuvenco



Faro de Ons



15-Punta de Liñeiro e enseada das Caniveliñas



17-Punta das Xestas, enseada das Caniveliñas e O Morro



18-O Morro



19-As Freitasas




20-Punta Baixeral



Buraco do Inferno. Un conduto vertical de máis de 50 m de profundidade conectado co mar a través dunha curta galería. No interior hai algunhas formacións por depósitos minerais entre as que destaca o "leite de Lúa", constituído por silicatos en fases líquida e sólida. Segundo a tradición nel vivía o demo, xunto aos araos que cos seus berros infernais asustaban aos veciños.



Cantís nas proximidades do Buraco do Inferno



21-Punta Rabo da Égoa



21-Punta Rabo da Égoa



Mirador na punta de Fedorento



Vista a érea da illa de Onza e as puntas Punta da Porta e Fedorento



Illa de ONZA, coa praia das Moscas.



30-Praia de Canexol. Está catalogada como LIX (Lugar de Interese Xeolóxico).
-Praia colgada, coluvións e derrubios de Canexol. Poden observarse secuencias de derrubios (periodos fríos, secos e con escasa cuberta vexetal) e coluvións (periodos máis húmidos), con materia.



31-Punta da Figueira Brava e Laxe do Abade.
Está catalogada como LIX: **Plataforma de erosión mariña fósil de Figueira Brava.** Situada lixeiramente por enriba do actual nivel do mar, é testemuña do que acadou durante o último interglaciar.

Laxe do Crego ou do Abade.
Un enterramento medieval de forma antropomorfa escavado na rocha, fronte á punta da Figueira Brava. Pódese acceder coa marea baixa.



A maioría da superficie da Illa de Ons está ocupada por un denso mato de toxos xunto con anxélicas, xestas, queirugas, silvas, fentos, carpazas, troviscos, acedas, margaridas... Da vexetación arbórea orixinal so se conservan algúns salgueiros e estripos. Algunhas zonas están repoboadas con piñeiros e eucaliptos. Nos cantís hai herba de namorar, prixel do mar, fento mariño, colexas... e nas dunas feo, eiruga mariña, correola das praias, leiteira, alhelí, cebola das gaivotas... Nos fondos mariños e nas rochas hai unha grande diversidade de algas.



Vexetación nos cantís de Ons.

A **margarida** (*Leucanthemum merinoi*), unha especie en perigo de extinción cunha área de distribución restrinxida ao Norte de Portugal e a costa atlántica galega, é común nos cantís de Ons.



Cytisus insularis, é unha **xesta** descuberta recentemente con poboacións interesantes en Ons e Sálvora. Distinguese a primeira vista das demais xestas por ter as follas simples e de maior tamaño.

Nos cantís crían gaivotas patiamarelas e corvos mariños. No mar pódense ver mascatos, corvos mariños reais, aros romeiros, pardelas, gaivotas choronas, carráns. En terra hai corvos, pombos e unha ampla variedade de paxaros (verderolos, xílgaros, pardillos, chascos, borrallentas...), cobras de escada, lagartos, bolboretas, escaravellos... A fauna mariña é dunha gran diversidade, en especial especies de fondos rochosos..



Corvos mariños cristados pescando ao pé dos cantís. Nos cantís occidentais de Ons crían unhas 600 parellas de corvos mariños cristados (*Phalacrocorax aristotelis*).

As chuponas, apegóns ou tetos (*Bunodactis verrucosa*) viven en pozas e fendas das rochas con boa luz.

